

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**19211** *Real decreto 1674/2010, do 10 de decembro, polo que se modifica a disposición adicional única do Real decreto 970/2007, do 13 de xullo, polo que se modifica o Regulamento xeral de recompensas militares, aprobado polo Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto.*

O Regulamento xeral de recompensas militares, aprobado polo Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto, establece que as cruces do mérito militar, do mérito naval e do mérito aeronáutico, con distintivo vermello, se concederán a aquelas persoas que, con valor, realizasen accións, feitos ou servizos eficaces no transcurso dun conflito armado ou de operacións militares que impliquen ou poidan implicar o uso de forza armada, e que comporten uns dotes militares ou de mando significativos. Polo Real decreto 970/2007, do 13 de xullo, estableceuse que tamén serían merecedores de tales cruces, con distintivo vermello, os falecidos en acto de servizo participando en misións no exterior como consecuencia de accións violentas de elementos hostís, en atención ao sacrificio que representa a perda da vida como consecuencia desas accións. Esta modificación establecía a limitación temporal pola que se poderían iniciar de oficio os procedementos necesarios para a concesión destas cruces do mérito, con distintivo vermello, referida a que os feitos se producisen a partir da entrada en vigor do Real decreto 1040/2003, isto é, o 5 de decembro de 2003.

Esta limitación temporal provocou que supostos de feito similares durante as mesmas misións estean tendo un recoñecemento distinto dependendo do momento en que se producisen. Para evitar esta desigualdade no tratamento das recompensas promóvese unha modificación da disposición adicional única do Real decreto 970/2007, ampliando os supostos a aqueles feitos correspondentes a misións no exterior que se encontrasen en curso no momento da entrada en vigor do Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto, con independencia de que os feitos concretos se producisen antes ou despois desta data.

Finalmente, o número 3 da disposición adicional segunda da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, dispón que regulamentariamente se establecerán os feitos ou servizos e as circunstancias que determinarán a concesión das diferentes recompensas, así como os trámites e procedementos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación da disposición adicional única do Real decreto 970/2007, do 13 de xullo, polo que se modifica o Regulamento xeral de recompensas militares, aprobado polo Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto.*

A disposición adicional única do Real decreto 970/2007, do 13 de xullo, queda redactada como segue:

«Disposición adicional única. *Retroactividade da norma.*

O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior dos Exércitos, cada un no ámbito das súas respectivas competencias, iniciarán de oficio os procedementos necesarios para a concesión de cruces do mérito militar, do mérito naval e do mérito aeronáutico, con distintivo vermello, ao persoal que, como consecuencia do previsto nos artigos 36 e 37 do Regulamento xeral de recompensas militares, se fíxese acredor das ditas recompensas, sempre que as accións, feitos ou servizos recompensados se producisen a partir da entrada

en vigor do Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de recompensas militares ou durante o desenvolvemento de misións no exterior que se encontraban en curso no momento da súa entrada en vigor.

Se polos mesmos feitos se concedesen xa cruces do mérito militar, do mérito naval ou do mérito aeronáutico, con distintivo diferente ao vermello, as autoridades mencionadas no parágrafo anterior promoverán a modificación, se for o caso, da recompensa militar inicialmente concedida.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de decembro de 2010

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,  
CARME CHACÓN PIQUERAS